IES Nº1 DO CARBALLIÑO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

CURSO 2019-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Educación financeira 1ºESO 2
2. Economía 4º ESO 4
3. Economía 1º bacharelato 7
4. Economía da empresa 2 º bacharelato 11
5. Fundamentos de administración e xestión 2º bacharelato 14

1. EDUCACIÓN FINANCEIRA (1º ESO)

"Educación financeira" é unha materia impartida aos alumnos de 1º de ESO que non ten continuidade nos cursos posteriores. Polo tanto, a materia non impartida neste curso non se pode recuperar en cursos posteriores.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Considérase que **non hai** aprendizaxes nin competencias **imprescindibles** que teñan que ser desenvolvidas no terceiro trimestre.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL

O procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación **ordinaria** será a media aritmética das cualificacións acadadas na primeira y na segunda avaliación.

Non hai que deseñar **actividades de recuperación** xa que non hai ningún alumno que non superara a primeira e segunda avaliación.

Como todos os alumnos superan a materia na convocatoria ordinaria, non é necesaria a convocatoria **extraordinaria** de setembro.

MATERIA PENDENTE

Non hai alumnos coa **materia pendente**.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Como a publicación destas modificacións na páxina web do centro é obrigatoria, os alumnos e as súas familias poden ter coñecemento das mesmas consultando a devandita web.

2. ECONOMÍA (4º ESO)

Os contidos de “Economía” en 1º de bacharelato amplían os de 4º de ESO. Polo tanto, ao cursar a materia de 1º de bacharelato xa se están a recuperar os contidos non impartidos en 4º da ESO e non é necesario dedicar tempo ao principio do curso 2020-2021 a recuperar a materia non impartida neste curso.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Competencias imprescindibles na primeira e segunda avaliación

Debido a que os contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación son anteriores ao 13 de marzo e foron impartidos con total normalidade, considérase imprescindible a consecución dos estándares de aprendizaxe **consideramos como mínimos na programación presentada en setembro.**

Deseñaranse actividades de recuperación para o alumnado que ten que recuperar algunha avaliación.

Competencias imprescindibles na terceira avaliación

Deseñaranse actividades de ampliación para a consecución dos seguintes estándares de aprendizaxe que se consideran imprescindibles:

Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución
Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	Distinguir os diferentes tipos de diñeiro e clasificalos. Coñecer a fonte del valor do diñeiro fiduciario.
Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	Coñecer as regras básicas de seguridade a ter en conta en relación coa operativa financeira e comercial a través da Internet.

Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	Identificar e explicar as distintas modalidades de tarxetas que existen.
Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	Explicar que é un seguro e para que serve. Identificar. e diferenciar tipos de contratos de seguro Identificar e clasificar os axentes que interveñen nunha operación de seguro.
Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	Coñecer o concepto de desemprego e describir os seus tipos e natureza. Calcular taxas de desemprego. Describir posibles causas do desemprego e establecer as consecuencias económicas e sociais do mesmo

METODOLOXÍA

Todos os alumnos están conectados e a comunicación con eles realízase vía correo electrónico e aula virtual.

A profesora subirá á aula virtual as presentacións de *Power Point* nas que se indicarán os apartados do libro de texto que os alumnos deberán ler e as actividades que deberán realizar para acadar as competencias imprescindibles.

As dúbidas resolveranse vía correo electrónico e as corrección das actividades subiranse á aula virtual.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e as actividades de recuperación e ampliación desenvolvidas no terceiro trimestre.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL.

O procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na **avaliación ordinaria** será a media aritmética das cualificacións acadadas na primeira e na segunda avaliación. Contando as recuperacións como un 5.

A realización das actividades de ampliación poderá incrementar o cálculo anterior ata nun punto. As actividades de ampliación avaliaranse mediante probas online realizadas na aula virtual con preguntas de escolla múltiple, resposta curta, cálculo numérico, emparellamento... e mediante a realización de exercicios prácticos que os alumnos resolven e envían vía correo electrónico.

As actividades de recuperación servirán para superar os contidos da primeira e/ou a segunda avaliación.

Para a **avaliación extraordinaria de setembro** realizarase unha proba sobre os contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación. En función da situación sanitaria, a proba será **online** realizada na aula virtual con preguntas de escolla múltiple, resposta curta, cálculo numérico, emparellamento... e exercicios prácticos que os alumnos deben resolver e enviar vía correo electrónico ou **presencial** mediante proba escrita similar as que se realizaron durante o curso.

MATERIA PENDENTE

Non hai que deseñar actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendente porque non hai alumnos coa materia pendente.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Como a publicación destas modificacións na páxina web do centro é obrigatoria, os alumnos e as súas familias poden ter coñecemento das mesmas consultando a devandita web.

3. ECONOMÍA (1º BAC)

A materia non impartida neste curso non se poderá recuperar no curso 2020-2021 en 2º de bacharelato porque a limitación de tempo non permitiría impartir todo o temario de 2º de bacharelato que vai ser avaliado nas probas ABAU e que se considera máis importante para o alumnado.

Competencias imprescindibles na primeira e segunda avaliación

Debido a que os contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación son anteriores ao 13 de marzo e foron impartidos con total normalidade, considérase imprescindible a consecución dos estándares de aprendizaxe **consideramos como mínimos na programación presentada en setembro.**

Na terceira avaliación realizase unha proba tipo test sobre contidos impartidos con anterioridade ao 13 de marzo que non puideron ser avaliados na segunda avaliación debido á suspensión das clases presenciais. Estes contidos son os correspondentes aos temas 6, 7 e 9.

Competencias imprescindibles na terceira avaliación

Considérase imprescindible a consecución dos seguintes estándares de:

Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución
Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	Diferenciar e calcular as principais magnitudes macroeconómicas (PIB, emprego e inflación)
Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global.	Describir a situación económica dun país a través dos seus indicadores básicos.
Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os	Citar as limitacións do PIB como indicador da calidade de vida dun país.

seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	
Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.	Comprender textos económicos sinxelos.
Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	Coñecer as principais funcións do Estado e identificar os principais instrumentos que emprega, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel crecente na actividade económica.
Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	Definir o concepto de imposto, diferenciando directos de indirectos. Definir orzamento público, déficit público e débeda pública. Identificar as principais fontes de ingresos públicos e o destino dos gastos públicos.

METODOLOXÍA

Todos os alumnos están conectados e a comunicación con eles realízase vía correo electrónico e aula virtual.

A profesora sube á aula virtual as unidades didácticas, actividades, exercicios resoltos e para resolver que os alumnos deben ler e realizar para acadar as competencias imprescindibles.

As dúbidas resólvense vía correo electrónico e as correccións das actividades súbense á aula virtual cando é necesario.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e as actividades de ampliación, repaso e recuperación desenvolvidas no terceiro trimestre.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL.

O procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na **avaliación ordinaria** será a media aritmética das cualificacións acadadas na primeira e na segunda avaliación, contando as recuperacións aprobadas como 5.

Os alumnos que non superaron a primeira e/ou a segunda avaliacións deberán realizar as correspondentes probas de recuperación.

Deseñarase unha proba para recuperar a primeira avaliación e outra proba para recuperar a segunda avaliación. As probas de recuperación serán online, realizadas na aula virtual con preguntas de escolla múltiple, resposta curta, cálculo numérico, emparellamento...

A realización das actividades de ampliación e repaso poderá incrementar a nota da avaliación ordinaria ata nun punto. As actividades de ampliación e repaso avaliaranse mediante probas online realizadas na aula virtual con preguntas de escolla múltiple, resposta curta, cálculo numérico, emparellamento...

Para a **avaliación extraordinaria de setembro** realizarase unha proba sobre os contidos impartidos con anterioridade ao 13 de marzo. En función da situación sanitaria, a proba será **online** (realizada na aula virtual con preguntas de escolla múltiple, resposta curta, cálculo numérico, emparellamento...) ou **presencial** (mediante proba escrita similar as que se realizaron durante o curso).

MATERIA PENDENTE

Non hai que deseñar actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendente porque non hai alumnos coa materia pendente.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Como a publicación destas modificacións na páxina web do centro é obrigatoria, os alumnos e as súas familias poden ter coñecemento das mesmas consultando a devandita web.

4. ECONOMÍA DA EMPRESA (2º BAC)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Competencias imprescindibles na primeira e segunda avaliación

Debido a que os contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación son anteriores ao 13 de marzo e foron impartidos con total normalidade, considérase imprescindible a consecución dos estándares de aprendizaxe **consideramos como mínimos na programación presentada en setembro.**

Competencias imprescindibles na terceira avaliación

Deseñaranse actividades de ampliación para a consecución dos seguintes estándares de aprendizaxe que se consideran imprescindibles:

Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución
Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	Clasificar os gastos e ingresos
Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	Calcular os distintos tipos de resultados.. Elaboración da conta de perdas e ganancias.

METODOLOXÍA

A comunicación co alumnado realízase vía correo electrónico e aula virtual.

A profesora sube á aula virtual os documentos coa información que os alumnos necesitan e as actividades que deben realizar para acadar as competencias imprescindibles. As dúbidas resólvense vía correo electrónico.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e as actividades de recuperación e ampliación desenvolvidas no terceiro trimestre.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL.

O procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na **avaliación ordinaria** será a media aritmética das cualificacións acadadas na primeira e na segunda avaliación. Contando as recuperacións como un 5.

A realización das actividades de ampliación poderá incrementar o cálculo anterior ata nun punto.

Os alumnos que non superaron a primeira e/ou a segunda avaliacións deberán realizar un exame de recuperación que terá un formato ás probas realizadas na primeira e segunda avaliación e que versarán sobre as devanditas competencias mínimas.

Esta proba realizarase por medio da plataforma online "*Webex Meetings*" ou similar.

Como, segundo a programación da materia, a nota máxima que se pode acadar nunha recuperación é un 5, e como a corrección do exame é simultánea á súa realización, unha vez que o alumno acade dita puntuación, o exame finalizará, non sendo necesario que contesta a todas as preguntas do mesmo.

Para a **avaliación extraordinaria** realizarase unha proba sobre os contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación. Os alumnos deberán realizar un exame que terá un formato similar ás probas realizadas na primeira e segunda avaliación.

Se a situación sanitario o permite, realizarase de forma presencial. Se non fose posible a súa realización presencial, realizaríanse por medios telemáticos e adaptaríase ás limitacións que impoña este sistema.

MATERIA PENDENTE

Non hai que deseñar actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendente porque non hai alumnos coa materia pendente.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Como a publicación destas modificacións na páxina web do centro é obrigatoria, os alumnos e as súas familias poden ter coñecemento das mesmas consultando a devandita web.

5. FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN (2º BAC)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Competencias imprescindibles na terceira avaliación

Deseñaranse **actividades de ampliación** para a consecución dos seguintes estándares de aprendizaxe que se consideran imprescindibles:

Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución
Aplica métodos de valoración de existencias.	Calcula correctamente o valor das existencias finais dunha empresa segundo o PXC.
Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha.	É quen de comparar distintas ofertas de provedores.
Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o comportamento dos competidores desta.	Identifica ao seu público "*target*" e analiza o papel que están xogando os competidores no mercado
Elabora un plan de medios onde se describan as accións de promoción e publicidade para atraer a clientela potencial, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles.	Utiliza distintas accións de promoción e publicidade para o seu proxecto.

METODOLOXÍA

A comunicación co alumnado realízase vía correo electrónico e aula virtual.

A profesora sube á aula virtual os documentos coa información que os alumnos necesitan e as actividades que deben realizar para acadar as competencias imprescindibles. As dúbidas resólvense vía correo electrónico.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e as actividades de ampliación desenvolvidas no terceiro trimestre.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL.

O procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación **ordinaria** será a media aritmética das cualificacións acadadas na primeira e na segunda avaliación. A realización das actividades de ampliación poderá incrementar o cálculo anterior ata nun punto.

Non hai que deseñar **actividades de recuperación** da primeira e segunda avaliación xa que non hai alumnado coa materia suspensa.

Todos os alumnos superar a materia, polo tanto, non é necesaria a **convocatoria extraordinaria de setembro**.

MATERIA PENDENTE.

Non hai que deseñar actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendente porque non hai alumnos coa **materia pendente**.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Como a publicación destas modificacións na páxina web do centro é obrigatoria, os alumnos e as súas familias poden ter coñecemento das mesmas consultando a devandita web.